

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 11 de decembro de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Couto Pérez

**NON ASISTEN:**

D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día once de decembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1725).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1726).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE.**  
**3/1493, 3/1511, 23/1401, 12/1539, 1/1548, 22/253, 11/1329, 11/1230, 13/1522.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Bastos López. Expte. 3/1493.
- D<sup>a</sup>. Fernanda Rodríguez Sánchez. Expte. 3/1511.
- D. Juan Martínez Acebo. Expte. 23/1401.

- D<sup>a</sup>. Esther Díaz Montaña. Expte. 1539/12.
- D<sup>a</sup>. Avelina López Veloso. Expte. 1/1548.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Trillo Puente. Expte. 22/253.
- D<sup>a</sup>. Sandra Ballesteros Carrera. Expte. 11/1329.
- D<sup>a</sup>. Encarnación Vázquez Nicolás. Expte. 11/1230.
- D. Rogelio Martínez Martínez. Expte. 13/1522.

**3(1727).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE “MADRES EN DEFENSA DE LOS JOVENES DROGODEPENDIENTES” POLA REALIZACIÓN DE TALLERES DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE. EXPTE. 18340/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.06 e de acordo co informe-proposta do coordinador do Servizo de Benestar Social, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar a factura nº 1 de 2/10/2006, presentada por Asociación Madres en Defensa de los jóvenes Drogodependientes (MADRO) co Nif G36750651, por importe de 8.000 € en concepto da realización de talleres de educación para a saúde en Centros de Ensino.

2º.- Aprobar o gasto correspondente, polo importe de 8000 euros (oito mil euros), pola REALIZACIÓN TALLERES DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE EN CENTROS DE ENSINO , a prol da empresa ASOCIACIÓN MADRES EN DEFENSA DE LOS JÓVENES DROGODEPENDIENTES (MADRO) Nif (G36750651), con cargo á partida: 31302270608 (PLAN LOCAL DROGAS).

**4(1728).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2006. EXPTE. 18188/301.**

Cumprindo as instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, mediante providencia da delegada da Área de Participación Cidadá dáse conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de setembro e outubro de 2006, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
20/10/06	REDACCIÓN PROXECTO REFORMA LOCAL TEIS	2270600	200600051116	5.800,00	MIGUEL VICENTE PAULINO
27/10/06	APLICACIÓN PRESTACIÓNS	2270600	200600053108	11.961,85	INDICADE, S.L.
26/10/06	INTERPRETE LINGUA SIGNOS	2270602	200600052997	12.000,00	ASOC. DE XORDOS DE VIGO
30/10/06	PROGRAMA CINENSINO	2270608	200600053723	1.218,00	ESTINGA SERV. SOCIALES, S.L.

19/09/06	CAMPAÑA BOA MAN	2270609	200600043279	12.000,00	ITRES PUBLICIDADE, S.L.
----------	-----------------	---------	--------------	-----------	-------------------------

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**5(1729).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA DIRECCIÓN TÉCNICA DOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE BALAIÓDOS, MADROA E BARREIRO. EXPTE. 3859/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.11.06, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Comisión de Goberno do Concello, en sesión de data 17/11/2003 acordou aprobar o expediente de contratación da prestación de servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, Barreiro e A Madroa, así como a convocatoria do concurso para a selección do contratista.*

*Recibidas as propostas no Rexistro Xeral, dentro do prazo establecido ao efecto, a Mesa de Contratación procede á apertura das propostas con data 23/12/2003.*

*Así, con data 26/01/2004 a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar a don José Manuel Calderón Rodríguez a prestación dos servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol de Balaídos, Barreiro e A Madroa, por un prezo de 20.740,80 €, por un período de 2 anos prorrogábeis.*

*A revisión de prezos do contrato está prevista na cláusula 3ª do prego administrativo, establecendo o seguinte:*

*“Procederá a primeira revisión de prezos, transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas”*

*“As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior”.*

*Así, a primeira revisión de prezos do contrato tivo efectos dende o 1 de febreiro de 2005, e recolleu o incremento do IPC producido entre decembro de 2003 e xaneiro de 2005, que segundo os datos facilitados polo INE ascendeu ao 2.4 %, o que aplicado ao prezo de adxudicación do contrato supuxo unha cantidade de 21.238,58 €.*

*Tendo en conta o exposto e en cumprimento do establecido no Prego de Prescricións Administrativas, esta segunda revisión de prezos ten efectos dende o 1 de febreiro de 2006, e recolle o incremento de prezos desde xaneiro de 2005 a xaneiro de 2006, que en función dos datos facilitados polo INE ascende ao 4,2 %, co que ao aplicar esta porcentaxe ao prezo actual do contrato, suporía unha cantidade de 22.130,60 €.*

(21.238,58 x 1,042= 22.130,60 €)

A vista do anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO

“Aprobar a revisión do prezo do contrato da prestación de servizos da dirección técnica dos traballos de mantemento dos campos de fútbol municipais de Balaídos, Barreiro e A Madroa, adxudicado a don José Manuel Calderón Rodríguez por acordo da Xunta de Goberno de data 26/01/2004, e establecer o prezo do mesmo para o ano 2006 na cantidade de 22,130,60 €, en función da aplicación da revisión de prezos no período xaneiro 2005-xaneiro 2006, con efectos 1 de febreiro de 2006.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(1730).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTENIMENTO DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÍDOS. EXPTE. 3861/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.11.06, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Comisión de Goberno do Concello, en sesión de data 17/11/2003 acordou aprobar o expediente de contratación da realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, así como a convocatoria do concurso para a selección do contratista.*

*Recibidas as propostas no Rexistro Xeral, dentro do prazo establecido ao efecto, a Mesa de Contratación procede á apertura das propostas con data 23/12/2003.*

*Así, con data 26/01/2004 a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar á empresa CESP, S.A. a realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, por un prezo de 31.607,71 €, por un período de 2 anos prorrogábeis.*

*A revisión de prezos do contrato está prevista na cláusula 3ª do prego administrativo, establecendo o seguinte:*

*“Procederá a primeira revisión de prezos, transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas”*

*“As seguintes revisións faranse transcorrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior”.*

*Así, a primeira revisión de prezos do contrato tivo efectos dende o 1 de febreiro de 2005, e recolleu o incremento do IPC producido entre decembro de 2003 e xaneiro de 2005, que segundo os datos facilitados polo INE ascendeu ao 2.4 %, o que aplicado ao prezo de adxudicación do contrato supuxo unha cantidade de 32.366,30 €.*

Tendo en conta o exposto e en cumprimento do establecido no Prego de Prescricións Administrativas, esta segunda revisión de prezos ten efectos dende o 1 de febreiro de 2006, e recolle o incremento de prezos desde xaneiro de 2005 a xaneiro de 2006, que en función dos datos facilitados polo INE ascende ao 4,2 %, co que ao aplicar esta porcentaxe ao prezo actual do contrato, suporía unha cantidade de

$(32.366,30 \times 1,042 = 33.725,68 \text{ €})$

A vista do anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO

“Aprobar a revisión do prezo do contrato da realización do mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de Balaídos, adxudicado a CESP, S.A. por acordo da Xunta de Goberno de data 26/01/2004, e establecer o prezo do mesmo para o ano 2006 na cantidade de 33.725,68 €, en función da aplicación da revisión de prezos no período xaneiro 2005-xaneiro 2006, con efectos 1 de febreiro de 2006.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1731).- SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIONN DE EVENTOS DURANTE O ANO 2006. EXPTE. 6021/333**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.12.06 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.11.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar as seguintes subvencións, as seguintes entidades polos eventos organizados:

DELEG.F.G.ATLETISMO	C.V.ATLETISMO/PREMIO NADAL/SERIE MUNICIPAL/S.XOÁN	G-15103500	12.000 €
ATLETISMO S.MIGUEL OIA	XXIX TROFEO CAMPO A TRAVÉS	G-36645018	1.000 €
CABRAL AVCD	XXV MARATÓN POPULAR CABRAL	G-36651073	600 €
CELTA DE VIGO ATLET.	CAMPUS ATLETISMO	G-36945319	600 €
C. CORREDORES VIG-BAY	MEDIO MAR. GRAN BAHIA VIG BAY	G-36862191	3.000 €
COMESAÑA SPORTING C.	28 MEMORIAL BELARMINO ALONSO	G-36645257	3.300 €
CRISTO DA VICTORIA A.V.	XVIII MEDIO MARATÓN DE COIA	G-36622793	6.000 €
VIGUESA DE ATLETISMO	XIX TROFEO RECONQUISTA VIGO	G-36645109	300 €
VETERANOS DE SAMIL AT	I MILLA POPULAR PRAIA DE SAMIL	G-36841906	300 €
BOSCO C.D.	MEMORIAL CARBALLO-CAMILO/I TORNEO MINIBASKET	G-36692317	300 €
BC. CAMPUS MERCANTIL	V CAMPUS DE BALONCESTO	G-36977007	600 €
SEIS DO NADAL BALONC.	COIA BC.-LINCO 06-CAMPUS BC.	G-36942142	1.500 €
BALONMÁN LAVADORES	CPTO. ESTATAL XUVENIL FEMININO/ CADETE	G-36810075	600 €

CLUB OCTAVIO	CAMPUS SEMANA SANTA OCTAVIO BM	G-36907384	300 €
BOWLING CELTA CLUB	X TORNEO INT. CV	G-36685345	2.300 €
MEIXOEIRO C. CICLISTA	XI TROFEO CICLISTA FESTAS DE VIGO/GP MEIXO	G-36720951	2.000 €
RÍA DE VIGO C. C.	II TROFEO C.V. DE CICLISMO	G-36745107	1.500 €
RP3 ASOCION DEPORTIVA	I SUBIDA O CASTRO	G-36850378	6.000 €
TEIS CLUB CICLISTA	XV G.P. CICLISTA TEIS	G-36754323	1.030 €
TRAVIESAS C.C.	VII XORNADAS VOLTA GALICIA 06	G-36703213	300 €
VIERNES 13 ASOC.LÚDICA	QUIMADA CONTEST	G-36966406	600 €
VIGUÉS CLUB CICLISTA	DÍPTICO INTERN.-AREA METROP	G-36650885	20.000 €
ESPELEO CLUB ARÁDELAS	CPTO. PROGRESIÓN VERTICAL	G-36642247	300 €
LA GUÍA CLUB DEPORTIVO	V TORNEO CD LA GUÍA	G-36645612	581 €
PRIMAVERA A.D.	INTERCAMBIO JUVENTUS	G-36661205	300 €
ATLANTIDA MÁTAMA	TORNEO FESTAS DAS NEVES	G-36620854	800 €
EL OLIVO	III CAMPUS DEP. FEMININO	G-36704666	3.000 €
FED. PEÑAS CELTA	IX CONVENCIÓN PEÑAS DE CELTA	G-36190668	12.000 €
CVC VALLADARES	VI TORNEO S.CAMPIO	G-36617082	300 €
F.G.FÚTBOL SALA	CPTO. DE ESPAÑA DE CLUBS BASE/ CV DE FÚTBOL	G-15125206	6.000 €
MOSTEIRO CD	V TORNEO CD MOSTEIRO	G-36886422	260 €
NOSA SRA. DAS NEVES	TORNEO FÚTBOL SALA	G-36954162	1.000 €
SAN XOÁN CD FSB	IX TORNEO S.XOÁN FÚTBOL SALA	G-36810315	655 €
VALLADARES CVC	III TORNEO FS PRE E BENXAMÍN FS	G-36805158	590 €
VIGO CD F.S.	II TORNEO NAVIDAD CV/I TORNEO SEMANA SANTA/ANIVERSA	G-36935229	9.000 €
AERO CLUB	C.V. DE GOLF	G-36610384	2.000 €
HÍPICA DE VIGO 1910	II TORNEO CV HORSEBALL	G-35944569	1.000 €
ATLÁNTICO HÓCKEY	I TORNEO INTER.DE CLAUSURA	G-36684850	1.000 €
F.G.JUDO	XI G.P. CIDADE DE VIGO JUDO	G-15109267	6.000 €
FAMU ASOC.DEP	FESTA INFANTIL JUDO	G-36681633	6.000 €
ZANSHIN A.D.	VII TROFEO CV KARATE/VI CPTO.GALLEGO KOBUDO	G-36870160	3.250 €
S.IGNACIO C.LOITA	V OPEN SAN IGNACIO	G-36708303	300 €
LOITA O CASTRO	XXI TROFEO INTERNACIONAL	G-36707586	600 €
FG MOTONÁUTICA	CPTO. ESPAÑA MOTOS ACUÁTICAS	G-36663664	6.000 €
CARPA	CPTO. PROV. 2 CATEG/COPA GALEGA SHOW/PROV.LIBRE.	G-36645091	2.000 €
CORUXO FC	I TORNEO CV DE PATINAXE	G-36708212	5.484 €
PELOTA VIGUÉS CD	VIII TROFEO CV DE PELOTA VASCA	G-36852820	300 €
PETANCA CRISTO VICTOR	VIII ENCONTRO DE PETANCA	G-36622793	2.500 €

ENSINO CLUB PETANCA	VI OPEN INT. DE PETANCA CV/CTPO.ESP.1 CATEG	G-36798866	6.000 €
PETANCA XESTAS	II TORNEO NAC PETANCA CV	G-36628543	3.000 €
REMO CORUXO	VI BANDEIRA CORUXO	G-36726750	4.100 €
PRADO SURF CLUB	O MARISQUIÑO/DAKINE BIG WAVE DAY	G-36850014	8.000 €
TAEKWONDO AS. VIGUESA	3 ED. TAEKWONDO EN VIGO	G-36919637	300 €
F.G. TENIS	LXV EDICIÓN CPTO. DE VIGO DE TENIS/V TORNEO INT.	G-15102767	12.000 €
TRIATLON VIGO	RECONQUISTA DE VIGO/XX TRIATLON CV	G-36705101	1.000 €
LICEO MARÍTIMO BOUZAS	ESCOLA DE PESCA/ESCOLA DE VELA	G-36613081	6.000 €
MERCANTIL	VARIOS TORNEOS	G-36614097	1.000 €
MONTAÑEIRO CELTAS	II CPTO. DE ESCALADA BASE/TRAVESÍA A NADO	G-36637890	950 €
XOGARA	DEPORTE PARA TODOS	G-36655033	1.500 €
F.G. VOLEIBOL	VOLEY PLAYA	G-15067978	300 €
VIGO CLUB VOLEIBOL	COMPETICIÓN PEQUEVOLEI	G-36658219	300 €
XADREZ DOCTOR FLEMING	III TORNEO XADREZ FLEMING	G-36893782	200 €

Por un importe total de 180.000€ con cargo á partida 4521.489.00.01

2º.- Rexeitas as seguintes solicitudes polos seguintes motivos:

ESCUADERIA SURCO	CIF: G-36395788	NON SE CELEBRA EN VIGO
CIDADE DE VIGO LOITA	CIF: G-36955565	EVENTO NON CELEBRADO
ASOC. PERSONAS SORDAS	CIF: G-36622835	NON É UN EVENTO DEPORTIVO
M Y S PRODUCCIONES	CIF: G-36965945	NON É UNHA ASOCIACIÓN SEN ANIMO DE LUCRO

**8(1732).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES DE CENTRO DAS ESCOLAS E COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 8136/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do Instituto municipal de Educación, do 21.11.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2007.

**ZONA 1.**

BEATRIZ ALONSO ASENJO (NIF 35.991.455-C) Pertence ao Grupo B  
- CEIP Carrasqueira Coruxo.

- CEIP Carrasqueira Tintureira.
- CEP Doutor Fleming.
- CEIP Balaídos.
- CEIP Beade Coutada.
- CEIP Teis Paraixal.
- CEIP Picacho – Ramón y Cajal
- Educación Permanente de Adultos/as (EPA).

#### ZONA 2.

PEDRO M<sup>a</sup> VÁZQUEZ IGLESIAS ( NIF 11.904.805-M) Pertence ao Grupo B

- CEIP Emilia Pardo Bazán.
- CPI Celso Emilio Ferreiro.
- EEI Cristo da Victoria.
- CEIP Eijo Garai.
- CEIP Escultor Acuña.
- CEIP Seis do Nadal.
- CEIP Pintor Laxeiro.

#### ZONA 3.

MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ (NIF 36.000.484-X) Pertence ao Grupo C

- CEIP Josefa Alonso.
- CEIP Otero Pedraio.
- CEIP Ría de Vigo.
- CEIP Igrexa-Valadares.
- CEIP Sobreira-Valadares.
- EEI Monte do Alba.
- EEI Zamáns.

#### ZONA 4.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N ) Pertence ao Grupo C

- Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
- Escola Infantil Municipal Atalaia.
- Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
- Escola Infantil Municipal Costeira.
- EEI Palencia.
- EEI Sta. Tegra.
- EEI Villalaura.
- CEIP Altamar.
- CEIP Canicouba.
- CEIP Mestres Goldar.



ZONA 5.

FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ (NIF 36.081.823-K) Pertence ao Grupo C

- CEIP Candeán Igrexa.
- CEIP Candeán Fonteescura.
- CEIP Cabral Sello.
- CEIP Cabral Carballal.
- CEIP Sta. Mariña Becerreira.
- CEE Saladino Cortizo.

ZONA 6.

JESÚS GONZÁLEZ ROCA (NIF 35.920.716-Y) Pertence ao Grupo A

- CEIP Calvario-Doblada.
- CEIP Lavadores-Vilar Valle Inclán.
- CEIP Lavadores-Pombal.
- CEIP Sárdoma Lope de Vega.
- CEIP Sárdoma – Moledo.
- CEIP García Barbón.

ZONA 7.

ALFONSO SILVA LORENZO (NIF 36.002.568-R) Pertence ao Grupo D

- CEIP Alcabre- Javier Sensat.
- CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
- CEIP Navia A. R. Castelao.
- CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
- CEIP Mosteiro-Bembrive.
- CEIP Chans-Bembrive.

ZONA 8.

ROCÍO BRUZON ALCANIZ (NIF 36.058.643-W) Pertence ao Grupo D

- EEI Nogal.
- EEI Hernán Cortés.
- EEI Aragón.
- CEIP Frián-Teis.
- CEIP Teis-Igrexa San Salvador.
- CEIP Teis-Espiñeiro Sta. Tegra.
- CEIP Teis-Coutadas Vicente Risco.
- CEIP Lavadores San Paio- Eduardo Pondal.

2º.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B; e da dieta de 36,72.-€,

establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio. A previsión do gasto anual polo concepto “Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 10.000.-€, con cargo á partida 422.0.233.00.00 do presuposto futuro de 2007.

3º.- Establecer a perda da condición de representante municipal para que non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocarán, cando menos, trimestralmente.

**9(1733).- CAMBIO DE NOME COMERCIAL DA EMPRESA FANDIÑO GIRALDEZ ISABEL SLNE A EFECTOS DO PROGRAMA “EU TAMÉN SEI 2005/2006” A SABELAOCIO SLNE. EXPTE. 2639/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 1.12.06, conformado pola concelleira da Muller, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local reunida o día 23 de xaneiro de 2006, aproba a adxudicación á empresa Fandiño Giraldez Isabel, 000642927N, SLNE , con CIF B.36476752, dun lote de cursos do programa de formación da concellería da muller, “Eu Tamé Sei 2005/2006”, expte. 2311/224.*

*Con data 7 de febreiro de 2006 o nome comercial da empresa modifícase mantendo a mesma personalidade xurídica, según escritura formalizada ante notario, e pasa de denominarse Sabelaocio, SLNE.*

*Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:*

*“Aprobar o cambio de nome comercial da empresa “Fandiño Giraldez Isabel, 000642927N, SLNE e que dende o 7 de febreiro de 2006 pase a denominarse SABELAOCIO, SLNE, mantendo a mesma personalidade xurídica según escritura formalizada ante notario”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1734).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE IMPARTICIÓN E COORDENACIÓN DOS CURSOS E ACTIVIDADES DE ALFABETIZACIÓN DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 7125/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 18.10.06, conformado polo concelleiro do Área de Educación e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 36.000 euros/ano euros para a prestación dos servizos de impartición e coordinación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas que se imputarán á partida presupuestaria 422.0.227.06.09 do presuposto do ano 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 18.10.2007 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de impartición e coordinación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**11(1735).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MANDOS A DISTANCIA PARA OS VEHÍCULOS GRÚA. EXPTE. 4625/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 18.10.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro do Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 27.600 euros euros para a execución da subministración de mandos a distancia dos vehículos grúa: PO-1089-BF - PO-2330-AG que se imputarán á partida presupuestaria 1212.214.00.02 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) na versión de data 21-11-2006 e o prego de prescripción técnicas para a subministración de mandos a distancia dos vehículos grúa: PO-1089-BF - PO-2330-AG.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**12(1736).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA COLABORACIÓN PARA A RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA E XESTIÓN E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO. EXPTE. 6946/540.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 13.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a Santiago Cucart, S.L. concurso para a colaboración na recadación na vía executiva e xestión e recadación das multas de tráfico. Expte 6946/540, sendo as principais características do contrato as seguintes:

- Data de inicio da prestación: 01 de xaneiro de 2007.
- As porcentaxes de retribución ó contratista serán as seguintes:

A.- Retribución pola recadación en vía executiva.

A.1.- Retribución pola recadación en vía executiva de ingresos de Dereito Público, agás multas de tráfico.

CIFRA DE RECADACIÓN EFECTIVA	PORCENTAXE A FAVOR DO CONTRATISTA
Ata 3.000.000,00 euros	9 % sobre o importe recadado
Dende 3.000.000,01 euros Ata 5.000.000,00 euros	11 % sobre o importe recadado
Dende 5.000.000,01 euros Ata 7.000.000,00 euros	14 % sobre o importe recadado
Máis de 7.000.000,01 euros	19 % sobre o importe recadado

A.2.- Retribución pola recadación efectivamente alcanzada en período executivo de cobro en concepto de sancións por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial 36 %.

A.3.- Retribución pola recadación de intereses de demora 6 %.

B.- Asignación complementaria sobre o importe das baixas tramitadas durante o exercicio correspondentes a débedas que se atopan en período executivo de ingreso 1 %.

C.- Incremento nos límites de tódolos tramos das porcentaxes de xestión para a determinación dos incentivos 5 %.

D.- Retribución pola recadación efectivamente alcanzada en período executivo de cobro en concepto de sancións por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial 36 %

Todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21.08.06.

**13(1737).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO CONSTRUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DA MARINA ESPAÑOLA. EXPTE. 49994/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 24.11.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Construcción Obras e Viais, S.A. o concurso para execución das obras de de humanización da avenida Mariña Española, entre a avenida de Galicia e a ETEA na cidade de Vigo Expte. 49994-250 por un importe de 221.442,22 euros, un prazo de garantía de 48 meses, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02-10-2005 e a oferta presentada.

**14(1738).- DECLARAR DESERTO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2007. EXPTE. 2023/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, realizada o 4.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o concurso para a contratación do deseño e produción de carrozas para a cabalgata de Reis do ano 2007, expte. 2023/335 por non se ter presentado licitadores.

**15(1739).- IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO EN EXECUCIÓN DE OBRAS NA PRAZA PÚBLICA ALBA PLENA. EXPTE. 71/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación do 30.11.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, plo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP)*
- *R.D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLC)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP)*

*ANTECEDENTES*

*Primeiro.- O expediente de contratación das obras de reparación e impermeabilización da praza pública “Alba Plena” na Avda. Camelias foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de novembro de 2005 á empresa “Gaos, Contratas y Construcciones, S.L.” por un importe de 147.239,21 euros, e un prazo de execución de 6 semanas.*

*A cláusula XI, apartado 3, do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación establece que a execución do contrato comenará coa acta de comprobación do replanteo.*

*Na folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares establécese un prazo de execución de 6 semanas. Así mesmo, na cláusula carta do documento de formalización do contrato establécese o prazo do contrato en 6 semanas, contadas dende a sinatura da acta de comprobación do planeamento.*

*A acta de comprobación do replanteo foi asinada o 23 de febreiro de 2006, como así consta no expediente, polo que a obra tería que estar rematada o 6 de abril de 2006.*

*Segundo.- O día 21 de xuño de 2006, o coordinador da área de Xervizos Xerais, en escrito dirixido ó departamento de Contratación do Concello de Vigo, tendo en conta a data da acta de replanteo e o prazo de execución do contrato, e á vista de que nesa data a obra aínda estaba sen rematar, solicita se inicie expediente sancionador por incumprimento do prazo de execución da obra.*

*Dado traslado para alegacións á empresa adxudicataria, ésta, mediante escrito de entrada no Concello o 4 de xullo de 2006, doc. nº 60074158, xustifica técnicaamente a duración dos traballos de xeito sintético nas seguintes causas:*

- *Tardanza excesiva por parte da empresa Canigó na entrega de material*
- *Cambios de material previsto no proxecto*
- *Existencia de locais comerciais ubicados na praza que impediron en parte unha maior rapidez na execución da obra*
- *A tardanza na execución dos traballos no feito de que os críos da zona non se resignaban e accedían ó interior da obra ensuciando e descolocando parte do material*
- *A choiva, que nos primeiros días de traballo imposibilitou a execución da obra.*

*Respecto das alegacións da empresa o aparelador municipal da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras (OSPIO) emitiu informe o 11 de xullo de 2006, que obra no expediente, e no que se dí que se ben as alegacións da empresa influíron moi negativamente a nivel de prazos na execución da obra, deberían considerarse de menor peso que os relativos a problemas de persoal; en xeral sen cualificar, a todas luces insuficiente, con ausencia a pé de obra de mandos intermedios con experiencia suficiente, e descoordinación, e ademáis o plan de obra á que se refire a empresa non é leal, xa que a día 11 de xullo aínda non se remataron as obras, estando pendentes as que se especifican.*

*Así mesmo, o Departamento de Contratación solicita informe cuantificando os días que poideron retrasar a execución das obras, informe que o aparelador municipal da OSPIO emite en data 22 de setembro de 2006, que obra no expediente e no que se dí: "1.- El retraso de la obra "sin causa justificada" apoyándose en el propio planing de obra ... podría establecerse desde el día 30 de junio hasta el día de la fecha. 2.- La obra todavía está sin rematar ... 3.- La obra sigue precisando la utilización de personal cualificado (especialmente albañiles) y suficiente, ..."*

*Terceiro.- En trámite de audiencia, o contratista, por escrito de entrada no Concello de Vigo o 11 de outubro de 2006, doc. Núm. 60106135, expón sintéticamente que:*

- *Durante as semanas finais á execución da obra xurdiu a necesidade de executar unidades de obra non contempladas no proxecto, que houbo que executar a maiores, especificándoas.*
- *Durante toda a execución da obra non se aceptou ningunha certificación de obra pola dirección facultativa.*
- *A obra está rematada, aceptando algunha deficiencia na súa execución, e o que podería esixirse é a súa reparación, para o que amosa boa vontade.*

*Remata solicitando se suspenda calquera acción encaminada á solución do contrato ou establecemento de calquera tipo de penalización, e se proceda ó abono das certificacións de obra debidamente executadas, así como se proceda a cuantifica-las melloras executadas e legalizalas no documento que se estime adecuado.*

*Redactada a proposta de resolución, en documento núm. 60120280, do 16 de novembro, reafirmouse en ditas alegacións, afirmando que a obra está rematada dende xullo de 2006.*

*O aparelador municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras (OSPIO) á vista das alegacións en trámite de audiencia informa en escritos de 17 de outubro e 24 de novembro de 2006, que obra no expediente, e no que tras expoñer que a obra non pode considerarse finalizada, dadas as deficiencias existentes, que indica, amósase disposto a valora-las melloras dándolle a tramitación que legalmente corresponda, e dí que “podría estimarse que las obras ejecutadas a mayores o por cambios no contemplados en proyecto podría establecerse en 15 días naturales”.*

*Carto.- Solicitado, consonte co disposto no art. 98 do RXLC, novo informe sobre a ampliación do prazo estimado para a terminación do contrato, o aparelador municipal da OSPIO informa o 24 de outubro de 2006 o seguinte: “el técnico que suscribe considera que el plazo para la finalización de los trabajos sería, como mucho, de mes y medio”.*

## *FUNDAMENTOS*

### *I*

*O parágrafo primeiro do art. 95.3 do TRLCE faculta á Administración para a imposición de penalidades diarias na proporción de 20 por cada 100.000 ptas. (0,12 por 601,01 euros) do prezo do contrato, naqueles supostos en que o contratista, por causas a él imputables incorrira en demora respecto do cumprimento do prazo total.*

*En consonancia co anterior, a cláusula XI, apartado 6 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das “obras de reparación e impermeabilización da praza Alba Plena na Avda. Camelias”, así como cláusula XI, apartado 3 do citado prego, e cláusula carta do documento de formalización do contrato.*

### *II*

*O art. 98 do RXLC, respecto á ampliación do prazo para a terminación do contrato nos supostos de imposición de penalidades por incumprimento dos prazos por causas imputables ó contratista, así como art. 99.1 do mesmo texto legal, respecto á efectividade dos importes das penalidades de demora mediante a súa deducción nas certificacións de obra ou documentos de pago ó contratista.*

### *III*

*Da instrucción do procedemento, e de conformidade co disposto no art. 89.5 da LRXPAC, resultan acreditados no expediente os seguintes extremos:*

- *As obras de reparación e impermeabilización da praza pública “Alba Plena” en Avda. Camelias, que foron contratadas coa empresa “Gaos, Contratas y Construcciones, S.L.”, cun prazo de finalización o día 6 de abril de 2006, terían que estar rematadas en 15 días naturais dende a dita data por cambios a maiores non contemplados no proxecto, así como que o prazo para a súa finalización sería como moito dun mes e medio.*

- *As citadas obras non poden darse por concluídas ó existir deficiencia nelas e non estar resoltas as esixencias que impuso a OSPIO, entre outros o informe do aparellador municipal do 10 de xuño de 2006.*

#### IV

*Respecto da solicitude de suspensión do procedemento e cuantificación e legalización das melloras executadas pola introducción de novas unidades de obra, indicar que consonte cos arts. 101 e 146 do TRLCAP, este non é momento procedimental oportuno, por canto trataríase dunha modificación do contrato que esixiría expediente ó efecto, tramitado conforme á lexislación. Non obstante, o aparellador municipal está disposto, cando así o desexe a empresa, unha nova visita á obra para determinar consensuadamente cantas valoracións correspondan ás partidas de obra novas non contempladas no proxecto, así como outras cuestións que necesiten aclaración.*

*En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, o seguinte ACORDO:*

*1.- Impoñer á empresa contratista “Gaos, Contratas y Construcciones, S.L.” unha penalidade diaria de 29,39 euros, a contar dende o día 30 de xuño de 2006.*

*2.- Dispoñer que o importe das penalidades se deduza das certificacións de obra.*

*3.- Dispoñer unha ampliación de prazo para a terminación do contrato dun mes e medio a contar dende a notificación desta resolución.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(1740).- CESIÓN DO DEREITO DE USO DO EDIFICIO NA RÚA OPORTO, ANEXO Ó RECTORADO, Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL. EXPTE. 17822/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe de Patrimonio, do 21.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### Normativa de aplicación.

- *LRBRL (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).*
- *TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).*



- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

#### Antecedentes:

*Primeiro.- A Deputación Provincial de Pontevedra solicitou, en data 27.06.2006, a cesion gratuita do edificio de titularidade municipal, Anexo ao antigo Reitorado, co fin de levar a cabo a descentralización da súa actividade a traves da posta en funcionamento dunha sede do Organismo Provincial na cidade olívica, que achegue e facilite as relacións dos cidadans da comarca de Vigo con dita Institución.*

*Segundo.- A Deputacion Provincial e o Concello de Vigo asinaron o 4 de xullo de 2006 un protocolo de colaboracion polo que o Concello comprometéase á instrucción do correspondente procedemento para a cesión gratuita do dereito de uso do devandito edificio a favor da Deputación para sede da institución, e a Deputación colaboraría na realización das obras de adaptacion do edificio coñecido como Comandancia Militar, asumindo na súa totalidade a súa financiación.*

*Terceiro.- Durante a instrucción do expediente de cesión, emitíronse informes pola Intervención Xeral do concello e a Xerencia Municipal de Urbanismo (oficina de Planeamento e Xestión) na mesma data do 3 de outubro de 2006, e polo Arquitecto de Patrimonio o 24 de novembro, en cumprimento do disposto no artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

#### Fundamentos de dereito:

*Primeiro.- O concello é propietario do seguinte edificio denominado Anexo, sito na Rúa Oporto nº 3 na cidade de Vigo:*

*URBANA: Edificio para oficinas, denominado "Anexo", sinalado co nº 3 da rúa Oporto da cidade de Vigo, á que da frente e por onde ten acceso, dunha superficie de 151 m2 en planta sobre rasante, composto de soto, baixo e seis plantas, que xunto co terreo unido ao mesmo e destinado á uso público, forman todo unha soa finca de 224 m2 de superficie, cos seguintes lindeiros: Norte, en línea de 18,75 m. coa parcela nº 46 da rúa Areal da que se segrega ; Sur, en línea de 18,25 m co edificio nº 5 da rúa Oporto; Leste, en línea de 12,18 m co edificio nº 50 da rúa Areal; e Oeste, en línea de 12,18 coa rúa Oporto.*

*Consta de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 1825, natureza xurídica patrimonial, cunha superficie construída de 1.271,64 m2, e inscrito no Rexistro da Propiedade nº1 no Tomo 1406, Folio 51, finca nº 79.787, inscrición 1ª.*

*Segundo.- As entidades locais, no ámbito das súas competencias e para o cumprimento dos fins públicos aos que atende, teñen plena capacidade xurídica para a adquisición, posesión ou alleamento de toda clase de bens, así como a celebración dos convenios, acordos, contratos e calquera outros negocios xurídicos, con outras entidades de dereito público ou de dereito privado (art. 5 LRBRL).*

*Neste senso a LPAP, no marco da xestión do patrimonio das administracións públicas, e de acordo cos principios que presiden as súas relacións interadministrativas de lealdade institucional, información mutua, cooperación, asistencia e respecto ás respectivas competencias, recoñécelles a facultade de celebrar os contratos, convenios e demais negocios xurídicos para a consecución dos intereses públicos implicados, e nas condicións e termos que teñan por conveniente,*

*sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración (artigos. 111, 183 e 187 da LPAP).*

*Terceiro.- A facultade da Administración municipal para a cesión gratuita dos seus bens ou dereitos patrimoniais á Entidades ou Institucións Públicas, para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, establécese no artigo 276 da lei 5/97 da Administración local de Galicia e artigo 109 e seguintes do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais.*

*Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de cesión gratuita do dereito de uso do inmóbel, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Polo anteriormente exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Ceder a título gratuito, á Deputación Provincial de Pontevedra, o dereito de uso do edificio de propiedade municipal nº 1825 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, denominado “Anexo”, sito na rúa Oporto nº 3 desta cidade de Vigo.*

*SEGUNDO.- A cesión outórgase baixo as seguintes cláusulas:*

- 1. O edificio destinarase unicamente á sede, na cidade de Vigo, do Organismo Provincial, con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.*
- 2. A cesión non comprende a pasarela de comunicación entre dito edificio e o municipal colindante polo vento norte (r/Areal nº 46), reservándose o Concello, con carácter permanente, o dereito o uso ou utilización de dita comunicación, para situacións de seguridade ou emerxencia que o requira.*
- 3. A cesión faise por un prazo de 10 anos, a partir da data da súa formalización, sendo prorrogábel por periodos sucesivos de 5, ata un máximo de tres prórrogas, previa solicitude da cesionaria cunha antelación de tres meses ao remate de cada prazo, e acordo expreso do Concello, quedando excluída a tácita recondución.*
- 4. O dereito de uso non é transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento de carga ou gravame ningún.*
- 5. O Organismo Provincial responderá dos danos ou perdas que poidan ocasionarse á terceiros ou ao propio inmóbel durante todo o prazo de cesión. Deberá suscribir unha póliza de aseguramento todo risco do edificio, de perdas ou danos materiais, polo importe polo menos do seu valor (1.320.000 €), e na que figure como beneficiaria o Concello de Vigo.*

*7º.- Corresponderá á entidade cesionaria:*

- Os gastos de mantemento e conservación do inmóbel cedido.*
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.*

➤ *O aboamento das taxas e tributos que recaigan ou graven o inmóbel.*

*8º.- As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concello, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ao seu reembolso por esta administración.*

*9º.- A administración cedente resérvase a facultade de inspeccionar, en calquera momento, o inmóbel para comprobación do cumprimento dos termos de cesión, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.*

*10º.- Son causas de extinción da cesión, ademais das xerais previstas nas leis:*

- O trancurso do prazo inicial polo que se cedeu ou, no seu caso, das prórrogas outorgadas.*
- A adicación do edificio a usos ou fins distintos do autorizado, ou o incuprimento das condicións nas que foi cedido.*
- A renuncia ao dereito, formulada pola Institución cesionaria.*

*A extinción da cesión dará lugar á reversión automática do inmóbel xunto coas súas melloras, sen que a cesionaria teña dereito á indemnización ningunha polas melloras ou investimentos efectuados no inmóbel.*

*TERCEIRO.- Somete-lo presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no art. 110 do RBEL.*

*CUARTO.- O presente acordo devendrá definitivo, de non formularse alegacións no periodo de información pública, o que resultará acreditado coa certificación que ao efecto se emita.*

*QUINTO.- A cesión formalizaráse en documento administrativo, no prazo de 30 días, a contar dende a data da que resulte a aprobación definitiva, ou en escritura pública, no mesmo prazo, a petición de calquera das partes sendo de conta do solicitante os gastos que se orixinen.*

*SEXTO.- Comunicar á Xunta de Galicia o acordo de cesión, en cumprimento do disposto no art.276 da LALG,."*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(1741).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "ATALAIA". EXPTE. 1684/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Contratación, do 13.11.06 e do 20.11.06, co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión do prezo do contrato de xestión da “Escola Infantil Municipal Atalaia”, adxudicado a “Colegio Los Milagros, S.L.”, por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de agosto de 2005, establecendo o mesmo, para a segunda anualidade do contrato, que remata o 31 de xullo de 2007, na cantidade de 174.439,17 euros ive engadido.

**18(1742).- REVISIÓN DE PREZOS CONTRATO XESTIÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SANTA CRISTINA DE LAVADORES”. EXPTE. 6585/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Contratación, do 2.11.06 e do 20.11.06, co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da “Escola Municipal Sta. Cristina de Lavadores”, adxudicado a Dumbo S.L., por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de agosto de 2005, establecendo o mesmo para a segunda anualidade do contrato, que remata o próximo 31 de xullo de 2007, na cantidade de 175.056,00 euros, IVE engadido.

**19(1743).- RECLAMACIÓN DE ASUNCIÓN PATO BARREIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 315/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC. S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 28.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Dna. María Asunción Pato Barreiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial (expediente 315/243), mediante escritos con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 06/09/2004, 09/11/2005, 21/08/2006 e 11/10/2006, polos danos e perdas sufridos no local arrendado a este Concello, situado na Porta do Sol número 13, destinado a xoiería, a causa do reboutamento da condución de auga que discorría por debaixo do local. Cantifica a reclamación, unha vez descontadas as cantidades xa satisfeitas polas compañías de seguros en conceptos de danos directos, en 23.049,42 euros, polos conceptos de dano emerxente e lucro cesante.*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

A forza maior exonera de responsabilidade á Administración, polo que no presente caso cómpre determinar, en primeiro lugar, se se dá ou non esta circunstancia, correspondendo a carga da proba á Administración.

É público e notorio, xa que diso se fixo eco a prensa local, que nos días 4 e 5 de setembro de 2004, houbo un forte temporal de chuvias torrenciais, cunha maior incidencia dentro da cidade de Vigo, segundo datos facilitados polo “Centro meteorolóxico territorial de Galicia”, na estación Vigo-Concello, onde está situado “a unos seiscientos metros” o local onde se produciron os danos. Interpretando estes datos, o enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras, segundo informe de 11/07/2006, estima que “pueden considerarse extraordinarias las precipitaciones registradas en las fechas 4, 5, 6, 7 de septiembre de 2004 y concretamente las registradas el día 4 en torno a las 17 horas en la zona que nos ocupa”. Este carácter extraordinario e imprevisíbel do temporal de chuvias débemos levar á conclusión que os danos ocasionados foron produto de forza maior, polo que non cabe esixir ningunha responsabilidade á Administración.

Non obstante, se a concorrencia da forza maior non fose estimada en vía de recurso administrativo ou posteriormente en vía xurisdiccional, convén determinar se se dan os requisitos antes mencionados para que prospere a acción de responsabilidade patrimonial, especialmente o importe da reclamación que segundo informe de data 24/02/2005 de Mapfre, compañía aseguradora da responsabilidade civil deste Concello, ha de cuantificarse en 1.784,66 euros por dous meses de paralización do negocio (dano emerxente) e en 2.700 euros, por dous meses de perda de lucro cesante, que totalizan 4.502,66 euros, e non nas cantidades por ambos conceptos solicitadas e non acreditadas pola reclamante.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén

*debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º. Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Asunción Pato Barreiro, por ser a forza maior a causa dos danos provocados.*

*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos, no suposto de que a forza maior non fose estimada en vía de recurso administrativo ou na vía xurisdiccional, correspondería á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 4.502,66 euros, polos conceptos de dano emerxente e lucro cesante”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(1744).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. MARÍA A. MOREDA HERNÁNDEZ CONTRA RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 373/243.DESESTIMADO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 1.12.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dna. María Ascensión Moredo Hernández, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 29 de agosto de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 3 de xullo de 2006, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 21/10/2004, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.*

*A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 31 de xullo de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.*

#### *Fundamentos xurídicos:*

*Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.*

*Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Moreda Hernández limitase a facer unhas consideracións de tipo subxectivo, pero sen achegar ningunha proba que desvirtúe os informes dos servizos de Vías e Obras e da Policía Local, que serviron de base para dictar a resolución recorrida.*

*Terceiro.- Na reclamación presentada, a Sra. Moreda Hernández segue sen acreditar a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público, requisito indispensábel para que prospere a acción de responsabilidade patrimonial, xa que non achega ningunha proba que desvirtúe os feitos e consideracións xurídicas que motivaron a resolución agora recorrida.*

*Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. María Ascensión Moreda Hernández, con data 29/08/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os feitos e os fundamentos legais que a motivaron”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21(1745).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A IRMANDADE DE DOANTES DE SANGUE DE VIGO POLA CELEBRACIÓN DO XXVI FESTEXO AO DOADOR DE SANGUE. EXPTE. 72783/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 30.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval presentado en data 10 de agosto de 2006 pola IRMANDADE DE DOANTES DE SANGUE DE VIGO, con C.I.F.G-36.609.758, por un importe de 600 €, para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración do “XXVI FESTEXO AO DOADOR DE SANGUE”, o día 2 de setembro, no parque municipal Quiñones de León, por non producirse danos na vía pública.

#### **22(1746).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE PROVIDENCIAS DE APREMIO DE DÉDEDAS DE LIQUIDACIÓN DA ACOMETIDA E ABASTECIMENTO DE AUGA. EXPTE. 6082/700.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, de data 14.11.06, que di o seguinte:

*En sesión ordinaria de data 21 de xaneiro de 2002 y 30/1/06, na respectiva Comisión de Goberno, acordouse a seguinte resolución:*

*"Interesar da Tesourería deste Concello que, tras as comprobacións e informes que estime oportuno recadar, dicte providencia de constrinximento que permita a xestión de cobramento das cantidades*

*adebadas á entidade concesionaria segundo consta na certificación de descuberto, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento establecido no artigo 130 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (Decreto de 17 de xuño de 1955) e o que con carácter xeral se deriva do Regulamento Xeral de Recadación”*

*En data 14/11/06 e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s pola Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) dos que se achega copia.*

*Nos citados escritos, solicitábase a anulación dos recibos relacionados pola concesionaria, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre a TAXA DE ENGANCHE AS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DE AUGA.*

*Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta Local de Goberno para o seu coñecemento.*

#### DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	PRINCIPAL
DAVILA FERNANDEZ ANTONIO	Taxa cota enganche	058542028	1220,05
HERMIDA COSTAS JOSE	Taxa cota enganche	058542041	1220,05
BAQUEIRO GARRIDO MANUEL	Taxa cota enganche	028900205	1220,05
RODRIGUEZ OTERO SILVINO	Taxa cota enganche	028900082	175,88
SEOANE POMBO GENOVEVA	Taxa cota enganche	058542042	1220,05
JUMASA PARIS SL	Taxa cota enganche	058542017	3485,87
FERNANDEZ VILA MIGUEL	Taxa cota enganche	058542047	1220,05
PRIETO MARRONDO EMILIO	Taxa cota enganche	028900194	1220,05
EMILIO ALBERTE RODRIGUEZ	Taxa subministro/saneamiento	028600004	376,90
ANTONIO ALFONSO VIDEIRA	Taxa subministro/saneamiento	028600136	38,60
COM PROP ALEXANDRE BOVEDA 14	Taxa subministro/saneamiento	028600024	2935,95
ISABEL GOMEZ ALONSO	Taxa subministro/saneamiento	028600052	43,59

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do precedente informe.



**23(1747).- PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL PROPIO DO ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIAL MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO” CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2006. EXPTE. 2128/407.**

Examinadas as actuaicóns do expediente, dáse conta do informe-proposta do xerente de Urbanismo, do 4.12.06, conformado polo concelleiro delegado de Urbanismo, que di o seguinte:

*O volume de traballo desenvolto neste exercicio 2006 polo persoal da Xerencia ten sido, de novo, excesivo respecto os recursos humanos disponibles. Este feito constátase coas necesidades de persoal, aínda non cubertas, reflectidas na oferta de emprego 2005 xa aprobada e na proposta de aumento de persoal para 2006 (ambos documentos condicionados por los recursos económicos existentes e os problemas de espacio físico no edificio sede desta Xerencia de Urbanismo).*

*Por outra parte, a cantidade de expedientes tramitados polos distintos servizos que integran “Urbanismo” cóntanse en “miles”. A tramitación do Plan Xeral, a posta en marcha da Inspección Técnica de Edifícios e das propias oposicións e concursos de tralados, obrigou a facer un esforzo especial ós funcionarios desta Xerencia para compatibilizar este traballo co seu habitual. Aínda que de distinta forma, estos traballos extraordinarios afectaron a todos os servizos.*

*De conformidade coa Instrucción Terceira sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónoms, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, “con cargo ó complemento de productividade se retribuirá o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o funcionario desempeña a súas funcións”. A continuación, esta Instrucción Terceira, sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local estableza no exercicio das competencias reservadas polo artigo 127.1.h) da LBRRL outros parámetros, fixa os supostos nos que en todo caso cabe retribuir con cargo a este concepto.*

*No caso que nos ocupa concorren varios supostos dos establecidos na citada Instrucción: a acumulación temporal de postos de traballo (pola baixas producidas e pola vacantes existentes na RPT) e o desempeño en moitos casos de postos de categoría superior (supostos a) e b) da Instrucción Terceira).*

*En consecuencia co anteriormente dito, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a aprobación dos seguintes complementos de productividade ós seguintes funcionarios que prestan servizo na Xerencia Municipal de Urbanismo, polo seu especial rendemento, actividades extraordinarias desenvoltas e o interés e iniciativa no traballo:*

NOME E APELIDOS	POSTO DE TRABALLO	IMPORTE
Juan Luis Piñeiro Ferradás	Arquitecto. Obras e proxectos.	345,00 €
Berta Sala Ríos	Arquitecta. Inspección Técnica Edifícios	332,64 €
Juan Aguirre Rodríguez	Director Adxunto Servizos Técnicos	332,64 €
Julio Fernández Cermeño	Director Adxunto Planeamento-Xestión	332,64 €
Francisco Cominges Cáceres	Secretario	516,21 €
David Prada Puentes	Técnico Admon. Xeral. Plan.-Xestión	552,92 €
Belén González Ramírez	Arquitecto. Planeamento-Xestión	345,00 €
Mónica Domínguez Estévez	Auxiliar. Secretaría.	1.436,85 €
David Carvajal Rguez.Cadarso	Arquitecto. Licenzas Obras.	345,00 €
Iván A. Ramos Lamas	Arquitecto técnico. Licenzas Obras	552,92 €
Teresa M <sup>a</sup> Rivas Rodríguez	Auxiliar. Licenzas Obras.	1.436,85 €

Enrique Munaiz Alonso	Auxiliar. Licenzas Obras.	1.436,85 €
Marta Iglesias Pereira	Auxiliar. Licenzas Obras.	1.436,85 €
M <sup>a</sup> Inés Cacharrón González	Auxiliar. Licenzas Actividades.	1.436,85 €
M <sup>a</sup> Carmen Cotilla Iglesias	Auxiliar. Licenzas Actividades.	1.113,56 €
Eva M <sup>a</sup> Casalderrey Aboal	Auxiliar. Disciplina Urbanística.	1.436,85 €
Begoña Cabaleiro Villanueva	Auxiliar. Disciplina Urbanística.	1.436,85 €
María Luisa Sobrino Del Río	Xefa Servizo Licenzas de Obras.	332,64 €
Juan Carlos Arias Fernández	Xefe Servizo Licenza de Actividades.	332,64 €
Josefa De Castro Mosquera	Auxiliar. Rexistro.	1.436,85 €
José Manuel Búa Gil	Arquitecto. Barrios Históricos	345,00 €
María Carmen Cores Miquéns	Auxiliar. Servizos Centrais	1.436,85 €
M <sup>a</sup> Purificación Vega Rubio	Auxiliar. Servizos Centrais	1.436,85 €
Ana Martín Herrero	Téc. Medio Serv. Ec. Servizos Centrais	631,57 €
Juan González Ramírez	Director Area Servizos Centrais	332,64 €
Beatriz Veiga Villaverde	Auxiliar. Traballos tramitación PXOM	2.669,44 €
Isabel García Mendiña	Auxiliar. Inspección Técnica Edificios	2.695,65 €
Nuria Martínez-Fociños de Valenzuela	Xefa de negociado de Xefatura	208,46 €
Ana M <sup>a</sup> Carballal Regueiro	Xefa de negociado de Disciplina Urbanística	208,46 €
M <sup>a</sup> Socorro Arbones Arteta	Xefa de negociado de Planeamento e Xestión	208,46 €
<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>POSTO DE TRABALLO</b>	<b>IMPORTE</b>
Daniel Iglesias González	Oficial de Servizos Internos	2.001,60 €
Carlos Pérez Rodríguez	Conductor	732,00 €
Oscar Couce Senra	Auxiliar. Licenzas de actividades	323,29 €
Cristina Chao Polo	Arquitecto	345,00 €
Pablo Sevilla Valcárcel	Técnico de Sistemas	552,92 €
Adolfo Pérez Vila	Ordenanza	640,03 €
Mónica Domínguez Estévez	Auxiliar.Secretaría	168,00 €
Mónica Escariz Couso	Xefa negociado Secretaría	84,00 €
Elena Rodríguez Pequeño	Auxiliar. Planeamento-Xestión	84,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>32.032,83 €</b>

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(1748).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO POLO QUE SE APROBA O PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DA UA V-E PERI IV-05 ARAGÓN-TRAVESÍA DE VIGO. EXPTE. 4605/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 16.11.06, que di o seguinte:

O Pleno municipal acordou o 29.11.04 aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da "UA V-E" dese PERI, promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos don Eduardo Guillén Vázquez, don Lorenzo Mateos Cortes e don José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG en datas 19.07.2004 (Memoria e plano 9R) e 25.02.2004 (resto dos planos), -expte. 8913/411, BOP núm. 2, do 04.01.2005 e DOG 14 do 21.01.2005-. .

O día 26.05.2005, o representante de "Basisa CB" presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo solicitando o cambio de sistema de execución do referido polígono, de compensación a concerto, así como a tramitación e aprobación do correspondente proxecto de equidistribución. Achegou a tal efecto o proxecto, composto de memoria, escrituras de propiedade e planos, asinados estes últimos polos arquitectos D. Eduardo Guillén Vázquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. José Agustín Llopiz Pereiro.

O 19.09.05 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto do polígono "UA-V-E" do PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón" co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4605/401). SEGUNDO: Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono de referencia. TERCEIRO: Expoñer ao público o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en Escritura Pública no 27/07/2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas co núm. 1425 do seu protocolo, promovido por <Basisa CB>, redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llopiz, con planos visados polo COAG no 20/05/2005. CUARTO: Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra él non cabe recurso por tratarse dun acto de mero trámite (...)".

O devandito acordo foi publicado no Boletín oficial da provincia de Pontevedra de 4.10.05. Así mesmo, notificouse ós interesados.

A Xunta de goberno local o 26.12.05 adoptou o seguinte acordo: "(...) 1.- Aprobar definitivamente o cambio de sistema de actuación de compensación a concerto do polígono de referencia. 2.- Aprobar definitivamente o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en escritura pública no 27.07.2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas co número 1425 do seu protocolo, promovido por <Basisa, C.B.>, redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llopiz, con planos visados polo COAG o 20.05.05 (...)".

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Apreciación dun erro material no acordo de aprobación definitiva do proxecto de equidistribución adoptado pola Xunta de Goberno Local de 26.12.05.- Tendo en conta o contido do expediente administrativo 4605/401, apreciase que existe un erro no sentido de entender como data de visado dos planos o 20.05.05. Consultado os diferentes documentos do expediente, apreciase que o proxecto de equidistribución estaba visado efectivamente o 20.05.05, non obstante os planos que formaban parte da escritura protocolizada eran os seguintes (os tres primeiros tomados do estudio de detalle):*

- Plano nº 3-Estado actual-plano topográfico (fincas orixinais), data de visado o 25.02.04.
- Plano nº 4- Ordenación proposta, data de visado 25.02.04.
- Plano nº 9R Delimitación de cesións de solo e dereitos de superficie, data de visado 19.07.04.

Por outra parte, os promotores do polígono, presentan plano de delimitación de cesións de solo e de dereito de superficie axustado a versión definitiva do proxecto de equidistribución (C-1). A data de visado é de 16.06.05.

2.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o contido do 127.1.d a atribución para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, á vista do artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede a adopción do seguinte acordo:

1.- Rectificar o acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05 polo que se aproba o proxecto de equidistribución e cambio de sistema da UA V-E Peri IV-05 Aragón-Travesía de Vigo (expte. 4605/401) no sentido de reflexar correctamente as datas de visado e incorporar o plano descrito con data de visado 16.06.05.

2.- Comunicar o presente acordo ós interesados, tendo en conta que contra o mesmo cabe interpoñer con carácter potestativo o recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante ó xulgado do contencioso-administrativa de Vigo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(1749).- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DO PERI IV-09 BAIXADA A SAN ROQUE. EXPTE. 192/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 16.11.06, que di o seguinte:

Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entreoutros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.

A Xunta de goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requirir aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adhieran á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollo por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do Proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...)".

O 2.12.05 don Jose Fernández Aguiar presenta escrito e dou exemplares do proxecto de expropiación por taxación conxunta das parcelas 15, 16, 17, 25, 31 e 34 do PERI IV-09 "Baixada de San Roque". Este proxecto está elaborado polo arquitecto don Jose M<sup>a</sup> Catalán Pérez de Lis e o avogado don Enrique Elosua Viteri. O citado proxecto de expropiación foi aprobado pola Asamblea da citada entidade urbanística de 21.11.05.

O 27.02.06 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación do "PERI IV-09 -Baixada de San Roque <relacionadas na parte dispositiva deste Acordo>, con Memoria e Planos redactados polo arquitecto don José M<sup>a</sup> Catalán de Lis e o avogado Don Enrique Elosua Viteri. SEGUNDO.- Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación no DOG en un xornal dos de maior circulación da Provincia, coa notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos (...)"

O anterior acordo foi publicado o 17.03.06 no Faro de Vigo e o 24.03.06 no Diario oficial de Galicia. Así mesmo, foi notificado individualizadamente a cada un dos titulares de bens e dereitos.

A Xunta de Goberno local de 31.07.06, adoptou o seguinte acordo: "(...) Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas (...) rectificar o contido do proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos afectados dos propietarios non incorporados á Xunta de compensación do <PERI IV-09 Baixada a San Roque> e consecuentemente proceder á aprobación definitiva do proxecto expropiatorio por taxación conxunta coas modificacións aludidas (...)".

Unha vez notificado o acordo aludido, se presentaron os seguintes escritos:

- Escrito presentado por dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (doc 60092866, 4.09.06).
- Escrito presentado por dona Antonia Quintela Novoa (doc. 60093838, 4.09.06).
- Escrito presentado por don Alfredo Rodríguez Álvarez (doc. 60063834, 4.09.06).
- Escrito presentado por don Hermenegildo Gómez Álvarez (doc. 60093831, 4.09.06).
- Escrito presentado por dona Rosa Salgado Formoso (doc. 60093826, 4.09.06).
- Escrito presentado por dona Amable e dona María del Pilar Lois Cervela (doc. 60093228, 1.09.06).
- Escrito asinado por don Hermenegildo Gómez Álvarez, don Alfredo Rodríguez Álvarez, dona Rosa Salgado Folgoso e dona Antonia María Quintela Novoa (doc. 60094699, 8.09.06).
- Escrito asinado por don Hermenegildo Gómez Álvarez, don Alfredo Rodríguez Álvarez, dona Rosa Salgado Folgoso e dona Antonia María Quintela Novoa (doc. 60111914, 26.10.06).
- Escrito asinado por dona Amable e dona María del Pilar Cervela Diéguez (doc 60113434, 31.10.06).

O 31.10.06 se convocou ós propietarios non adheridos á Xunta de compensación para o pago, non comparecendo ningunha persoa titular de dereitos o bens relacionados no proxecto expropiatorio, procedendo acto seguido á consignación de acordo co previsto no artigo 144.2 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

#### **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.**

1.- Procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta, natureza do acordo de aprobación definitiva e dos escritos presentados.- O procedemento de determinación do xustiprezo por taxación conxunta ven previsto nos artigos 142 e seguintes da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Así mesmo é necesario ter en conta os artigos vixentes do real decreto legislativo 1/92, de

26 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e valoracións e o previsto no real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. No acordo de aprobación do expediente de determinación do xustiprezo por taxación conxunta se informaba ós propietarios para que no prazo de vinte días dende a notificación manifestasen a conformidade ou disconformidade coa valoración dos predios expropiados, todo elo para os efectos previstos no artigo 143.7º da Lei 9/02. Neste prazo os seguintes propietarios presentaron alegacións ás valoracións practicadas: dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (doc 60092866, 4.09.06), dona Antonia Quintela Novoa (doc. 60093838, 4.09.06), don Alfredo Rodríguez Álvarez (doc. 60063834, 4.09.06), don Hermenegildo Gómez Álvarez (doc. 60093831, 4.09.06), dona Rosa Salgado Formoso (doc. 60093826, 4.09.06), dona Amable e dona María del Pilar Lois Cervela (doc. 60093228, 1.09.06), don Hermenegildo Gómez Álvarez, don Alfredo Rodríguez Álvarez, dona Rosa Salgado Folgoso e dona Antonia María Quintela Novoa (doc. 60094699, 8.09.06). As mesmas se incorporaron ó expediente e foron remitidas xunto coa documentación obrante no expediente, ó Xurado de expropiación de Galicia, tal e como establece o artigo 143.7º da Lei 9/02. Por outra parte, parte dos propietarios anteriores, presentaron escritos nos que se plantexaban certas cuestións diferentes ás propias valoracións contidas no proxecto expropiatorio. Polo tanto, é necesario diferencia-las dos escritos de alegacións ás valoracións e que foron remitidas ó Xurado de expropiación de Galicia, outorgando a natureza de recurso administrativo, neste caso, de reposición ó abeiro do disposto nos artigos 110.2 e 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

2.- Analise individualizado dos recursos de reposición interpostos ó acordo da Xunta de Goberno Local de 31.07.06 polo que se aproba o proxecto de expropiación por taxación conxunta do PERI IV-09 "Baixada de San Roque". – A seguir se analizará de forma individualizada as cuestións tratadas polos titulares do dereitos e bens:

- Escrito presentado por dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (doc 60092866, 4.09.06).- Informa da súa predisposición de formar parte da Xunta de compensación. Así mesmo, presenta informe de valoración. Con respecto a valoración contradictoria, a Xerencia municipal de urbanismo remitiu ó Xurado de expropiación de Galicia o expediente ó abeiro do disposto no artigo 143.7 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Contestación.- No expediente 4578/401 de constitución de Xunta de compensación do PERI IV-08 Baixada á San Roque, consta a comunicación ás alegantes que uns propietarios que representan un 70% da superficie do ámbito, manifestaron a súa adhesión ó modelo xeral de estatutos e bases de xunta de compensación aprobado definitivamente polo Consello da XMU o 11.12.03 (BOP 3.01.04). En atención ó disposto no artigo 155.5 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se requeriu ós propietarios (diligencia de notificación nº 41, asinada o 20.04.05 por dona María José Rodríguez Barros) para que no prazo dun mes se constituira a correspondente xunta de compensación. Nesta comunicación se facía expresa mención de que no caso de non incorporación á Xunta de compensación, podería ser obxecto de expropiación. As propietarias alegantes presentaron escrito o 28.04.05 no que non se fixo ningunha mención a súa intención de incorporación á Xunta de compensación. Por acordo de Xunta de Goberno Local de 27.06.05 se deu aprobación a constitución da Xunta de compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.05 en escritura pública perante o notario de Vigo don José María Rueda Pérez e co núm 914 do seu protocolo. No punto terceiro, se facía mención á necesaria comunicación ós propietarios non adheridos para que no prazo dun mes dende a notificación do acordo (mediante manifestación ante notario), poidesen adherirse a mencionada entidade urbanística colaboradora. Consta no expediente diligencia de notificación (nº 9) do acordo anterior asinado por dona María José Rodríguez Barros o 4.08.05. As alegantes voltaron a presentar

escrito no que manifestaban a súa oposición a formar parte da Xunta de compensación coa delimitación actual do polígono. En conclusión, non pode estimarse o recurso de reposición interposto por dona María Teresa e dona Josefa Rodríguez Barros dado que consultado o expediente non consta a intención das propietarias de incorporación da Xunta de compensación.

- Escritos presentados por dona Antonia Quintela Novoa (doc. 60093838, 4.09.06), don Alfredo Rodríguez Álvarez (doc. 60063834, 4.09.06), don Hermenegildo Gómez Álvarez (doc. 60093831, 4.09.06), dona Rosa Salgado Formoso (doc. 60093826, 4.09.06).- Unicamente plantexan cuestións relacionadas coas valoracións dos seus dereitos. En atención ó previsto no artigo 143.7 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o expediente foi remitido ó Xurado de expropiación de Galicia o 7.11.06.
- Escrito presentado por dona Amable e dona María del Pilar Lois Cervela (doc. 60093228, 1.09.06).- A maior parte do escrito presentado tende a un incremento do xustiprezo. De acordo co establecido no artigo 143.7 da Lei 9/02, de 30 de decembro, se remitiu expediente ó Xurado de expropiación de Galicia. Así mesmo, volta a alegar que dispoñe de maior superficie da que figura no proxecto de expropiación e a ausencia de valoración dun pozo artesano.

Contestación.-Non xustifica documentalmente a maior superficie da súa parcela, non obstante, no expediente constan datos catastrais e topográficos que corroboran a corrección dos datos municipais. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 103 do real decreto 3.288/78, de 25 de xullo, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, en caso de discrepancia entre os títulos e a realidade física prevalecerá esta última sobre aqueles. Con respecto ó pozo artesano, este punto da alegación xa foi estimada polo acordo da Xunta de goberno local de 31.07.06.

- Escrito presentado por don Hermenegildo Gómez Álvarez, don Alfredo Rodríguez Álvarez, dona Rosa Salgado Folgoso e dona Antonia María Quintela Novoa (doc. 60094699, 8.09.06).- Unicamente plantexan cuestións relacionadas coas valoracións dos seus dereitos. En atención ó previsto no artigo 143.7 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o expediente foi remitido ó Xurado de expropiación de Galicia o 7.11.06.
- Escrito presentado por don Hermenegildo Gómez Álvarez, don Alfredo Rodríguez Álvarez, dona Rosa Salgado Folgoso e dona Antonia María Quintela Novoa (doc. 60111914, 26.10.06).- Preséntase escrito no que alega o seguinte: 1- Falla de resolución do recurso de reposición interposto e outros defectos formais que poideran provocar indefensión ós alegantes. 2- Ausencia de medidas de realoxo. 3- Solicitude de suspensión do acto de pago. 4- Ausencia de valoración de certos prexuízos particulares. O acto que se recorre foi notificado o 9.08.06 e o recurso é presentado o 26.10.06. A interposición do mesmo é extemporánea.

Contestación.- 1.- En canto falla de resolución do denominado recurso de reposición interposto, é necesario remitir a contestación ó punto primeiro do presente informe-proposta. En efecto, unicamente no escrito presentado o 8.09.06 se aludían a temas valorativos. Os mesmos foron incorporados ó expediente como alegación ó abeiro do artigo 143.7 da Lei 9/02, de 30 de decembro e remitidos ó Xurado de expropiación de Galicia o 7.11.06. Por outra parte, non se aprecia ningún vicio de anulabilidade ou falla de requisitos esenciais formais que puideran xenerar indefensión ós recorrentes. Por outra parte, consta no expediente a data na que o proxecto expropiatorio foi aprobado pola Asamblea da Xunta de compensación (21.11.05). 2.- Sobre a adopción de medidas de realoxo, a disposición adicional cuarta (regra 2ª) do real decreto legislativo 1/92, de 26 de xuño, polo

que se aproba o texto refudido da lei do solo e ordenación urbana, mencionaba a existencia do dereito de realoxo e retorno para o caso de actuacións sistemáticas (como é o caso, non sendo aplicable a regra primeira). No seu apartado 2º, contiña unha referencia a tal dereito no caso de actuacións urbanísticas de carácter sistemático. Esta regra foi declarada inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 61/97 e, en opinión da meirande parte da Doctrina, precisa dun recoñecemento autónomo para ser efectivo e esixible. En efecto, ésta foi a conclusión que resultou dos primeiros pronunciamentos xurisprudenciais, no que se precisa que require unha plasmación concreta na normativa de rango legal da Comunidade Autónoma (STSX País Vasco 20.02.04). Actualmente non existe unha norma autonómica que recoñezca o dereito que se está a tratar. Non obstante, tense que ter en conta que o artigo 280 do real decreto legislativo 1/92, de 26 de xuño e o artigo 177.1 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, prevén como un destiño posible e necesario a realización de actividades de interese social. Unha delas podería ser a previsión de medidas que permitan o realoxamento ou retorno dos ocupantes legais, sexan propietarios ou non, en virtude do disposto no artigo 47 da Constitución Española, no sentido de establecer certas medidas tendentes a garantir o dereito da poboación afectada por operacións urbanísticas a unha vivenda digna. Por todo elo, o Concello está necesariamente obrigado a destiñar parte do seu Patrimonio municipal do solo a solventar a problemática social derivada da execución de polígonos na que existan residentes. Unha medida posible sería o regulamento das condicións de acceso ós ocupantes legais de inmobles afectos por operacións urbanísticas, de vivendas en propiedade de protección autonómica de promoción privada ou pública. Por todo elo, a alegación planteada polos propietarios ou ocupantes legais dalgunhas das fincas do PERI IV-09 “Baixada a San Roque”, deberíase estimarse parcialmente no relativo de abordar a problemática e interese dende o punto de vista municipal de dar unha resposta social á problemática detectada na execución sistemática de polígonos. 3.- A solicitude de suspensión do acto de pago non pode estimarse. O obxecto do recurso de reposición interposto é o acto de aprobación definitiva do proxecto expropiatorio por taxación conxunta e non a convocatoria dos suxeitos expropiados para o pago. A presentación da solicitude de suspensión de 26.10.06 carece de xustificación ó abeiro do disposto no artigo 111 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. En ningún caso se pode apreciar que o acto de pagamento realizado o 31.10.06 poidera causar perxuízos de imposible ou difícil reparación ou mesmo que a pretendida impugnación se base nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1. Os dereitos recoñecidos no artigo 47 da Constitución Española non son susceptibles de amparo constitucional (artigo 53.2 CE e 62.1.a da Constitución Española). Ambos extremos non están debidamente fundamentados polos alegantes, sen prexuízo de que o acto que se recorre non é a convocatoria de pagamento se non o acto polo que se aproba definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta. 4.- En cuanto as referencias ós datos valorativos do expediente, tense que informar que son incorporados ó expediente, sendo remitidos o día 7.11.06 ó Xurado de expropiación de Galicia.

3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, a aprobación de instrumentos de xestión urbanística. Así mesmo, no presente caso é de aplicación o previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

Por todo elo, en atención ó informado, se propoñe a seguinte resolución:



1.- Desestimar expresamente a parte dos escritos que ó abeiro do disposto no artigo 110.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, poida entenderse que se tratan de recursos de reposición ó acordo de Xunta de Goberno Local de 31.07.06, presentados por dona María Teresa e dona María Josefa Rodríguez Barros (doc 60092866, 4.09.06), dona Amable e dona María del Pilar Lois Cervela (doc. 60093228, 1.09.06). Con respecto o escrito presentado por don Hermenegildo Gómez Álvarez, don Alfredo Rodríguez Álvarez, dona Rosa Salgado Folgoso e dona Antonia María Quintela Novoa (doc. 60111914, 26.10.06), procede a inadmisión do mesmo por ser presentado de prazo, sen prexuízo de dar contestación fundada a todas ás cuestións plantexadas no recurso presentado.

2.-Tomar razón dos fundamentos dos escritos presentados no que respecta ás valoracións contidas no acordo de Xunta de Goberno Local de 31.07.06, comunicando que tendo en conta o 143.7 da Lei 9/02, de 30 de decembro, os mesmos foron remitidos ó Xurado de expropiación de Galicia o 7.11.06.

3.- Notificar o presente acordo ós interesados, informando que con respecto ó punto primeiro esgota a vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante ó Xulgado da orde contencioso-administrativo de Vigo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(1750).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU POR OBRAS DE INSTALACIÓN DE CABINA TELEFÓNICA NA AVDA. RAMÓN NIETO Nº 160. EXPTE. 50779/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 28.11.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 10/02/06 o interesado deposita fianza por importe de 33,80 euros, a petición deste departamento para responder das obras de instalación dunha cabina telefónica na r/ Ramón Nieto nº 160 ; e, rematados os traballos solicitados, o mesmo solicitou a devolución da fianza depositada , mediante escrito de data 23/10/06.*

*O Enxeñeiro Técnico , en data 16/11/06, reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución da fianza solicitada.*

Polo que PROPONSE:

*Proceder á devolución da fianza de 33,80 Euros , a TELEFONICA , por obras de instalación dunha cabina telefónica na r/ Ramón Nieto nº 160.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(1751).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A EDELNE S.L. POR OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NO MERCADO DE CABRAL. EXPTE. 50017/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 28.11.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 24/03/06 o interesado constitúe aval de 661,01 euros, a petición deste departamento para responder das obras que iba a executar de canalización eléctrica na rúa Vía a altura do mercado de Cabral ; e, rematados os traballos solicitados, o mesmo solicitou a devolución da fianza depositada , mediante escrito de data 21/07/06.*

*O Enxeñeiro Técnico , en data 15/11/06, reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución do aval solicitado.*

Polo que PROPONSE:

*Proceder á devolución do aval de 661,01 Euros , a EDELNE S.L. , por obras de canalización eléctrica no mercado de Cabral.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(1752).- DEVOLUCIÓN DA AVAL Ó BANCO SIMEÓN POR OBRAS DE CANALIZACIÓN NO CALEXÓN DOS CAÑOS. EXPTE. 50906/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 28.11.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 24/11/05 o interesado constitúe aval de 317,85 euros, a petición deste departamento para responder das obras que iba a executar de canalización eléctrica no calexón dos Caños ; e, rematados os traballos solicitados, o mesmo solicitou a devolución da fianza depositada , mediante escrito de data 6/11/06.*

*O Enxeñeiro Técnico , en data 15/11/06, reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución do aval solicitado.*

Polo que PROPONSE:

*Proceder á devolución do aval de 317,85 Euros , ao Banco Simeón , por obras de canalización eléctrica no calexón dos CAños.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**30(1753).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE UTE ELOYMAR-TRANVÍAS ELÉCTRICOS EN RELACIÓN COA LIQUIDACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA RÚA URZAIZ. EXPTE. 1230/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización favorable, de data 28.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrtrivo de Vías e Obras, do 30.10.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o pago das facturas seguintes :

Factura nº. 021/2005 presentada pola UTE Eloymar e Tranvías Eléctricos de Vigo por importe de 139.653,17 € ( IVE incluído ) correspondente á liquidación das obras do proxecto modificado do aparcamento soterrado de Urzáiz.

Factura nº.02/2003 por importe de 13.246,04 € ( IVE incluído ) correspondente ós honorarios da asistencia técnica de FHECOR á UTE Eloymar e Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A. para a modificación do proxecto indicado á solución adoptada

**31(1754).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE UTE MOVEXVIAL S.L. HIDOSCIVIL S.L EN RELACIÓN COAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA URUGUAY E COLÓN. EXPTE. 50927/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización favorable, de data 24.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrtrivo de Vías e Obras, do 24.11.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o pago da factura nº.003 da UTE Movexvial, S.L. Hidroscivil, S.L. por importe de 180.396,52 € (IVE incluído) correspondente a certificación nº.1 de data 03/02/2006 das obras de humanización da rúa Uruguay (fases I e II) e da rúa Colón (entre Uruguay e Policarpo Sanz) por ser esta a cantidade a financiar polo Concello para estas obras dentro do convenio “ Vigo 2005 ”.

**32(1755).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE MOVEXVIAL EN RELACIÓN CO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “REMODELACIÓN DA ZONA DAS OSTRAS, RÚA MESTRE MATEO”. EXPTE. 49822/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización favorable, de data 22.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 6.11.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para o pago das facturas seguintes:

Factura nº. 35 de Movexvial por importe de 13.112,08 € ( IVE incluído ) correspondente a certificación nº.2 das obras de remodelación do entorno da Zona das Ostras. Fase 1. Rúa Mestre Mateo.

Factura nº.37 de Movexvial por importe de 3.847,58 € ( IVE incluído ) correspondente a certificación nº.3 -Final de obra-Liquidación das obras de remodelación do entorno da Zona das Ostras. Fase 1. Rúa Mestre Mateo.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **33(1756).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DO ANO 2007. EXPTE. 2050/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.12.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Festas e Animación Sociocultural, do 7.12.06, conformado polo concelleiro de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a empresa AZTOCERO, S.L. CIF.: B- 36909687 a contratación por procedemento negociado dos servizos de deseño e produción das carrozas para a Cabalgata de Reis do ano 2007 por importe de 34.995,00 euros Ive incluído (trinta e catro mil novecentos noventa e cinco euros, ive incluído).

2º.- Os pregos das condicións técnicas e administrativas para a contratación dos servizos de deseño e produción de carrozas para a cabalgata de Reis ano 2007 serán os mesmo que os aprobados pola Xunta de Goberno de data 16 de novembro expediente 2023/335.

3º.- O pagamento realizarase segundo o estipulado na base dez das condición técnicas con cargo á partida 451.2. 226.08.00 (Cabalgata de Reis) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio. O primeiro pagamento (o 80%) realizariase a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

**34(1757).- BASES DO XXVI CONCURSO-DESFILE DE RONDALLAS CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2049/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proosta da técnica do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, conformado polo concelleiro de dito Servizo, o interventor xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se transcriben, correspondentes o "XXVI Concurso-Desfile de Rondallas", que se celebrará o día 7 de xaneiro de 2007 as 12,00 horas e percorrerá as rúas García Barbón, Policarpo Sanz e Porta do Sol.

2º.- Que os premios estipulados nestas bases por un importe total de 18.800.-euros queden supeditados a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 451.2.481.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2007”

3º.- Os pagamentos realizaranse a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

*“XXVI CONCURSO - DESFILE DE RONDALLAS CONCELLO DE VIGO”  
BASES*

*Primeira.- A Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo organiza o “XXVI Concurso – Desfile de Rondallas Concello de Vigo” que terá lugar o día 7 de xaneiro de 2007, ás 12,00 horas na cidade de Vigo.*

*O percorrido previsto para o desfile é García Barbón (dende o cruce con Serafín Avendaño), Policarpo Sanz e Porta do Sol (remate).*

*Segunda.- Neste concurso – desfile poderán participar todas aquelas agrupacións que teñan un mínimo de 40 compoñentes e un máximo de 120. O número máximo de agrupacións participantes límitase a 12 (doce). Como único criterio de selección establécese a orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas calquera que sexa a causa.*

*Terceira.- As inscricións para este concurso deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en impreso normalizado, dende o 11 ó 20 de decembro de 2006, ambos inclusive. Así mesmo, deberase acompañar á inscrición, unha certificación bancaria e fotocopia compulsada do CIF ou NIF segundo proceda.*

*As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local nos días previos ó comezo do prazo e estarán a disposición dos/as interesados/as no citado rexistro e na web municipal.*

*Cuarta.- Os premios do concurso serán os seguintes:*

*PRIMEIRO CLASIFICADO: 2.500 euros.*

*SEGUNDO CLASIFICADO: 2.200 euros.*

*TERCEIRO CLASIFICADO: 1.600 euros.*

*Todas as agrupacións participantes percibirán 1.000 euros cada unha. Establécese un premio único de 500 euros, ó conxunto de abandeirados.*

*Todos os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar.*

*Quinta.- A orde de actuación das rondallas inscritas quedará determinado nun sorteo que se realizará na Casa do Concello, o día 21 de decembro ás 12'00 horas. Recoméndase que a este sorteo acuda un/unha representante de cada rondalla inscrita. Nesta mesma reunión entreganse as “normas de participación no desfile-concurso”, a aceptación das mesmas por escrito será condición indispensable para poder participar.*

*Sexta.- O xurado do concurso calificará entre 0 e 10 puntos enteiros cada un dos seguintes elementos:*

- Vestimenta de toda a rondalla*
- Instrumentación musical*
- Evolución no desfile de toda a rondalla*

*Sétima.- Cada agrupación desfilará con música de pasacorredoiras o longo do percorrido previsto, e realizará unha parada obrigatoria no lugar indicado pola organización de tres minutos de duración para realizar a interpretación que estime oportuna. Membros da organización computarán o tempo da parada.*

*O lugar previsto para a realización desta interpretación é no cruzamento da rúa Colón con Policarpo Sanz, onde estará situado o xurado.*

*Oitava.- Establécense as seguintes penalizacións por exceso de tempo na interpretación:*

- 10 puntos.- polo primeiro minuto ou fracción*
- 20 puntos.- polo segundo minuto ou fracción*
- 30 puntos.- polo terceiro minuto ou fracción*

*Novena.- Descualificarase inmediatamente a unha agrupación nos seguintes casos:*

*No desfile:*

- Por cambio de dirección dos integrantes da rondalla o longo do desfile. Soamente poderán realizar cambios de dirección os abandeirados.*
- Por non atender as indicacións da organización o longo do desfile.*
- Por solicitar ou admitir donativos do público asistente o evento.*

- *Por realizar paradas o longo do percorrido. Quedan excluídas as paradas técnicas necesarias para o correcto desenvolvemento do acto, e que serán indicadas polo persoal de organización.*

*Na interpretación na parada obrigatoria:*

- *Cando o exceso de tempo da interpretación supere os tres minutos;*
- *Cando figuren no desfile menos de 40 compoñentes;*
- *Cando entre os seus compoñentes ou concursantes, figuren “majorettes”.*

*Décima.- Os himnos oficiais dos estados e das comunidades autónomas non poderán ser incluídos nos repertorios que executarán as rondallas participantes.*

*Décimo primeira.- A rondalla clasificada no primeiro lugar do concurso abrirá o desfile do ano 2008.*

*Décimo segunda.- O xurado do concurso estará composto polos seguintes membros:*

- *Presidente: O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue.*
- *Vocais: Director da Escola Municipal de Danza ou a persoa desta na que delegue.*
- *Tres persoas relacionadas con temas musicais, etnográficos, folclore ou cultura tradicional.*
- *Secretario: Un funcionario ou funcionaria do Concello de Vigo, con voz e sen voto. O presidente do xurado dispón de voto de calidade para resolver os posibles empates.*

*Décimo terceira.- O Concello de Vigo resérvase o dereito de que este concurso sexa financiado por unha firma comercial.*

*Décimo cuarta.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural mailo xurado do concurso quedan facultados para resolver as posibles eventualidades e dúbidas que puidesen xurdir, non previstas nestas bases.*

*Décimo quinta.- A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha destas bases. A decisión do xurado será inapelable.*

**35(1758).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE “MELLORA DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS SANTA TEGRA E DEVESA DE SANTA TEGRA, NA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 311/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador do Área dos Servizos Xerais, do 5.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar tecnicamente o proxecto de “MELLORA DE BEIRARRÚAS NAS RÚAS SANTA TEGRA E DEVESA DE SANTA TEGRA, NA CIDADE DE VIGO”, cun orzamento total base de

licitación de TRESCENTOS OITENTA E OITO MIL SETECENTOS VINTESETE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (388.727,69 €).

**36(1759).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE INVESTIMENTOS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS NO EJERCIZO 2006. EXPTE. 2007/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.12.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 3.11.06, conformado pola concelleira de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión das subvencions propostas, polas contías e conceptos que se especifican de seguido, ós establecementos ou persoas físicas que se relacionan:

Subvencions correntes

ENTIDADE E NIF	CONCEPTO	PRESUPOSTO	PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
Asoc. Comer. Y Empresarios do Calvario G-36.661.536	Edición guía promocional comercio	6.032 euros	45	2.700 euros
ENTIDADE E NIF	CONCEPTO	PRESUPOSTO	PUNTOS	IMPORTE SUBVENCIÓN
Cofradía Stmo. Cristo Aflixidos G-36.690.170	Festival poético-piromusical Festas Bouzas	46.400 euros	50	3.000 euros
Asoc. Comerciantes e Hosteleiros Vigo Vello G-36.909.232	Confección e distribución planos promocionais Casco Vello	5.375,44 euros	45	2.700 euros
Federación Comercio Vigo FECOVI G-36.911.543	IV Gala Comercio Vigués	15.693,78 euros	50	3.000 euros
Asoc. Com. Zona Centro Vigo G-36.887.859	Campaña Nadal	2.807,20 euros	50	2.807,20 euros
Comunidade Montes Veciñais M.C. Valadares G-36.663.185	Sinalización Parque Escultorico Monte Alba	3.800 euros	45	2.700 euros



Redmarket, Comunicación y Marketing S.L. B-36.830.982	Concepción plano callejero de Vigo e distribución	9.548 euros	45	2.700 euros
Federación Mercados Centrales de Vigo MERCACEVI G-36.822.120	Guía mercados de Vigo e distribución	8.700 euros	45	2.700 euros
Asoc. Prof. Empresarios Autónomos Mercado Progreso G-36.664.027	Campaña Nadal	8.000 euros	50	3.000 euros
Asoc. Empres. Comerciantes Traviesas AETRAVI G-36.847.861	Festa da nai	7.148,59 euros	50	3.000 euros
Publinol S.L. B-36.837.805	Decoración Nadal	1.656,99 euros	50	1.656,99 euros

2º.- Desestimar as solicitudes de subvención que se relacionan a continuación, por non ter aportado a documentación esixida nas bases da convocatoria, non ser obxecto subvencionable o proxecto presentado, ou por ter aprobado a Concellería unha subvención para o mesmo titular por outro concepto máis interesante dende o punto de vista turístico/comercial, na mesma convocatoria:

ENTIDADE E NIF	MOTIVO
Portales Verticales Ces, SL (tres solicitudes) G-36.959.914	non aporta documentación solicitada
Asoc. de Empresarios do Mercado do Berbés G-36.708.311	non aporta documentación solicitada

3º.- Que, unha vez adxudicadas as subvencións con cargo á partida 7510.4700000 “Transferencia a Entes Privados”, por un importe de 29.964,19 euros, se libere o credito retido ata o saldo disponible da partida.

4º.- Unha vez notificado o acordo da Xunta de Goberno Local de concesión de subvencións, os adxudicatarios das subvencións terán un prazo de dez días para a justificación das mesmas, nos términos expresados na cláusula décimo segunda das bases da convocatoria.

5º.- O incumprimento dalgún dos extremos esixidos para o pagamento da subvención suporá a anulación da subvención concedida.

**37(1760).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS NO EXERCIZO 2006. EXPTE. 1596/336.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.12.06, e de acordo cos informes-proposta da técnica de Xuventude, conformados pola xefa e pola concelleira de dito Servizo, de datas 2.11.06 e 11.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Excluir da lista de admitidos ás seguintes solicitudes polos motivos referidos a continuación:

Asociación Veciñal Dr. Fleming, CIF G-36709004, por non presentar proxecto

S.C.D.R. Helios, G-36633428, por non presentar proxecto.

Asociación Juvenil IPPON, G 36867661, por non presentar ningún dos certificados de estar ao corrente e de débitos solicitados nas bases.

2º- Conceder unha subvención para as seguintes entidades que a continuación se relacionan coa ponderación correspondente:

ASOCIACIÓN	Análise do proxecto	Puntuación	Subvención
Asociación Fontenova G 36838514 Importe proxecto: 9277.20€ Solicita: 4849.20€	Actividade de verán. Ocio.	3.80	418.768€
Fuck Comics 50731106Y Importe proxecto: 690e Solicita: 300€	Publicación Comics	3.50	300€
Asociación Inclusión G 36921898 Importe proxecto: 5.600€ Solicita: 2.800€	Acompañamento violencia de xénero.	3.81	419.870€
Asociación de personas sordas de Vigo G36622835 Importe proxecto: 600€ Solicitado: 300€	Excursión ao Monte Galiñeiro	4.84	533.378€
Asociación para a Síndrome de Down G36697324 Importe proxecto: 1200.54€ Solicita: 900€	Sei onde vivo.	5.08	559.826€

Grupo la Tenda 53182247-Z Importe proxecto: 12.500€ Solicita: 8000€	Espacio artístico e creativo.	5.43	598.397€
Asociación Verdegaia G 70060363 Importe proxecto: 1580€ Solicitado: 750€	Proxecto Cogunenos	6.	661.212€
Federación Veciñal Eduardo Chao G 36681708 Importe proxecto: 6000€ Solicitado: 3480€	Festival Chao Rock	6.43	708.599€
Asociación Cultural Migracións Colombianas G36943215 Importe proxecto: 21.090.62€ Solicitado: 10.1855.62€	<u>Bacano</u> , prevención da violencia	6.87	757.088€
Asociación Xuvenil do C.S.C.R. de Beade G 36851806 Importe proxecto: 4.905€ Solicitado: 3396.40€	Xuventude activa.	7.12	784.638€
Asociación Veciñal Camino vello G 36648186 Importe proxecto: 3000€ Solicitado: 1500€	Coia Attack.	7.05	776.924€
Asociación de Jóvenes empresarios de Vigo G36905040 Importe proxecto: 6.600€ Solicitado: 3.300€	Clubs AJE Vigo. Ocio.	7.59	836.433€
Alecrín G 36633154 Importe proxecto: 7.200€ Solicitado: 7.200€	Formación en sexualidade	7.70	848.555€

Asociación Xuvenil "Xuntanza Xuvenil" de Valadares G 36744951 Importe proxecto: 7000€ Solicitado: 3000€	Mantemento Servizos a mocidade.	9.86	1086.592€
Club Juvenil Doira G36621852 Importe proxecto: 23.000€ Solicitado: 6000€	Programa científico avanzado.	11.04	1216.630€
Asociación Veciñal de San Miguel de Oia G 36648640 Importe proxecto: 36000€ Solicitado: 6000€	5º Festival Rock en Oia	12.77	1407.280€

Total puntuación:108.89. Cada punto: 110.202. Total subvencións: 11999.896 €.

**38(1761).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez